



BANDO

D. Rafael Perez Vazquez , Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia por, **ORDE do 18 de agosto de 2026 pola que se establecen as bases para a concesión das axudas económicas ás familias para a conciliación, en situacións puntuais e períodos de vacacións escolares, a través do programa Bono Concilia Familia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento BS412A)**

Obxecto

Concesión de axudas ás familias residentes en Galicia con nenos e nenas entre 4 e 13 anos de idade, para a atención de necesidades de conciliación de carácter puntual ou durante períodos vacacionais, que teñan lugar entre o 1 de xaneiro e o 8 de setembro de 2026.

Requisitos

Poderán ser beneficiarias das axudas do Programa Bono Concilia Familia:

- Persoas que residen na Comunidade Autónoma de Galicia
- Ter un fillo /a entre 4 e 13 anos (nados entre 01/01/2012 e o 31/12/2021)
- Que existan necesidades de conciliación da vida persoal, familiar e laboral en períodos de vacacións escolares que se producen cando os centros educativos están pechados por vacacións, sempre que ambos os pais/nais, persoas titoras, acoledoras, gardadoras con fins adoptivos, pais/nais con custodia non compartida ou proxenitor de familia monoparental non poidan facerse cargo da atención da nena ou neno por motivos laborais. Que os dous proxenitores traballen no período solicitado (ou un no caso de ser familia monoparental)

Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As persoas interesadas poderán informarse, a través do departamento de Servizos Sociais do Concello dende o 9 de setembro ata o 9 de outubro de 2026. A presentación será obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

O Alcalde

D. Rafael Perez Vazquez

(Asinado dixitalmente na marxe)

